



Bases que rexerán a provisión, en calidade de bolseiro, de prazas na especialidade de Trompa, na Banda Ferrolá de Música

1.-Obxecto das bases:

A cobertura **da praza na especialidade de trompa (1 praza)** en calidade de bolseiro.

A adscrición a unha categoría concreta (primeiro e solista) realizarase con posterioridade á proba práctica e previa proposta polo director da Banda, en virtude do nivel do seleccionado.

De conformidade coas retribucións e dependendo da categoría concreta de adscrición, estas oscilarán entre 222,50 € e 254,00 € mensuais (primeiro e solista).

2.-Presentación de instancias e probas de selección.

O prazo de presentación de instancias será de cinco (5) días hábiles contados a partir do día seguinte ao da súa publicación na páxina web, www.ferrol.es, e no Taboleiro de anuncios deste concello e presentarase no Rexistro xeral do Concello de Ferrol, de luns a venres en horario de 9 a 14 horas e os sábados de 9 a 13 horas.

Os aspirantes deberán presentar instancia de participación dirixida ao Concello de Ferrol. Negociado de Cultura.

Con posterioridade se publicará, tamén no Taboleiro de anuncios e na páxina web, www.ferrol.es, unha listaxe de admitidos e excluídos así como a data e hora na que terán lugar as probas de selección. Entre esta publicación e o día da proba deberán transcorrer como mínimo dous días hábiles.

A orde de chamada dos aspirantes realizarase en función da orde de presentación da instancia no rexistro xeral de entrada do Concello de Ferrol, quedando a decisión do tribunal a orden de intervención das especialidades.

As probas de selección terán unha duración aproximada de 30 minutos e consistirán en:

1ª proba: interpretación dunha obra de libre elección polo aspirante.

2ª proba: interpretación co instrumento da especialidade á que se opta de dous "sos" para banda ou orquestra elixidos polo tribunal.

3ª proba: interpretación dun fragmento á vista. O aspirante disporá dun máximo de 5 minutos para a preparación desta interpretación.

3.- Tribunal

O tribunal estará composto por 3 membros, actuando todos con voz e con voto:

Presidente: Jesús Basterrechea López (concelleiro de Cultura do Concello de Ferrol)

Vogal: Gonzalo Sánchez García (profesor do Conservatorio Superior da Coruña)

Secretario: Narciso Pillo Guerreiro (director da Banda Ferrolá de Música)

4.- Publicidade

A convocatoria das prazas ás que se refiren estas bases se publicará nos periódicos de maior tirada da cidade así como na páxina web www.ferrol.es do Concello e no taboleiro de anuncios.

Ferrol, 5 de xullo de 2016

O concelleiro delegado de Cultura, Ensino e Universidade,

Jesús Basterrechea López

